

(FCG/af)

**DECRETO:** Ourense, 28 de marzo de 2016

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF-, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

**DÍA:** xoves, 31 de marzo de 2016.

**HORA:** 10:00 horas en primeira convocatoria\*.

**LUGAR:** Salón de sesións do Pazo Provincial.

\*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

**ORDE DO DÍA**

**Apartado resolutivo:**

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de febreiro de 2016.
  - 2.- Modificación n.º 1/2016 da Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2015.
  - 3.- Modificación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense en materia de acceso ás sesións plenarias.
  - 4.- Moción do Grupo Popular en defensa das deputacións provinciais de réxime común.
  - 5.- Delegación na Deputación das facultades do Concello de Piñor en materia de recadación da taxa de subministración de auga e canon da Xunta.
  - 6.- Expediente de modificación de créditos n.º 2/2016.
  - 7.- Ratificación do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense, para o financiamento e execución da urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
  - 8.- Aprobación definitiva da disolución do Consorcio contra incendios e de salvamento das comarcas do Carballiño-Ribeiro.
  - 9.- Aprobación definitiva da disolución do Consorcio contra incendios e de salvamento da comarca da Limia.
  - 10.- Aprobación definitiva da disolución do Consorcio contra incendios e de salvamento da comarca de Verín.
  - 11.- Aprobación definitiva da disolución do Consorcio contra incendios e de salvamento da comarca de Valdeorras.
  - 12.- Resolución do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Barbadás, de cesión de uso do edificio do museo de instrumentos musicais de Barbadás.
  - 13.- Moción do BNG respecto do Entroido na nosa provincia.
  - 14.- Moción de Democracia Ourensana relativa á situación actual e futura da base militar de aeronaves non tripuladas de Trasmiras.
- Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**
- 15.- Dación de conta da liquidación do orzamento xeral de 2015.

- 16.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
- Presidencia: mes de febreiro de 2016 e 1º adicional de xaneiro de 2016
  - Deputado delegado de Facenda: mes de febreiro de 2016 e 3º adicional de outubro 3º de novembro e 2º de decembro de 2015 e 1º de xaneiro de 2016.
  - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de febreiro de 2016.
  - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de febreiro de 2016.
- 17.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,